

XORNADA DE BENVIDA – FACULTADE DE INFORMÁTICA

O próximo luns 21 de setembro realizarase unha xornada de benvida **para o alumnado que ingresa por primeira vez en titulacións de grao** na Facultade de Informática. Así, o luns 21 non haberá clase das materias, pois temos reservado o día para outras actividades.

A xornada de benvida estrutúrase en dúas partes:

- *Lanzamento do programa de mentoring*. O programa de mentoring consiste en que alumnado que xa leva un tempo na Facultade acompañe ao alumnado de novo ingreso na súa aterraxe no centro, mantendo reunións periódicas para resolver dúbidas e inquiredanzas que poidan xurdir.

O luns 21, nos horarios e nas aulas que se indican neste documento, realizaranse as primeiras xuntanzas cos mentores que cada grupo de prácticas ten asignado, para que vos poidades coñecer e quedar xa en contacto.

- *Formación para alumnado de novo ingreso*: de 18:00 a 20:00 celebrarase un curso sobre “Técnicas de estudo e xestión do tempo”, co obxectivo de axudarvos a adaptar a vosa forma de estudar e traballar á Universidade.

1. Horarios e aulas das xuntanzas do programa de mentoring

Nas seguintes táboas indícase o horario e aula á que ten que acudir cada grupo de prácticas. As táboas interprétanse da seguinte forma:

- Os grupos GEI x.y son os grupos de prácticas do Grao en Enxeñaría Informática, e os grupos GCED x.y son os grupos de prácticas do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos.
- As aulas están numeradas por planta. Por exemplo, A.3.0 é a aula 0 situada na planta 3.
- Por exemplo, os estudantes do grupo de prácticas GEI.1.2 teñen que asistir de 9:00 a 10:00 á aula A.2.0, e os seus mentores serán Elena e Lucas.

Estudantes do Grao en Enxeñaría Informática: Durante estes días poderedes consultar o voso horario e grupo de prácticas en <http://espazos.udc.es>. Por exemplo, se ao consultar o teu horario estás no grupo 1.AXO.21, quere dicir que o teu grupo de prácticas é o GEI 2.1.

Estudantes do Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos: Se es estudante do GCED, poderás consultar o teu grupo de prácticas na web da Facultade (www.fic.udc.es). Ademais, comunicaráseche por correo.

NORMAS SANITARIAS: Como sabedes, é fundamental que cumpramos as **normas sanitarias vixentes**. En concreto, de cara á xornada de benvida:

- Só debes acudir á xuntanza do voso grupo de prácticas.
- O uso de máscara é obrigatorio en todo momento na Facultade.
- En todas as aulas están indicadas as mesas nas que podes sentar.
- Por favor, non formedes grupos antes da entrada e despois da saída das xuntanzas, co fin de evitar aglomeracións.

Turno 1 – De 9:00 a 10:00

Grupo	Aula	Mentores
GCED 1.1	A.3.0	Brais Klein Otero Diego Prieto Fernández
GCED 1.2	A.3.1	Diego Valcarce Ríos Mateo Sabuz García
GCED 1.3	A.3.2	David Santiago Pérez Ana Xiangning Pereira Ezquerro
GEI 1.1	A.3.4	Juan Baamonde Izquierdo Sara Carril Méndez
GEI 1.2	A.2.0	Elena Goyanes González Lucas Dios Touriñán
GEI 1.3	A.2.2	Iñaki Amatria Barral Lucas Dans Pérez

Turno 2 – De 10:30 a 11:30

Grupo	Aula	Mentores
GEI 1.4	A.3.0	Brais Pérez Busto José Vilas Taboada
GEI 2.1	A.3.1	Carlos Suárez Fernández João Vítor Teodoro Rodrigues
GEI 2.2	A.3.2	Iván Janeiro Tato Noa Carrera Boo
GEI 2.3	A.3.4	Martín Caamaño Rodríguez Adrián Canosa Pérez
GEI 2.4	A.2.0	Tomás Fuentes Facal Marta Guerra Rodríguez
GEI 3.1	A.2.2	Borja González Seoane Sergio Martín Salvador

Turno 3 – De 12:00 a 13:00

Grupo	Aula	Mentores
GEI 3.2	A.3.0	Xabier Iglesias Pérez Alberto Irigoyen Mallo
GEI 3.3	A.3.1	Rocío Rego Sierra Manuel Aguirre Martínez
GEI 3.4	A.3.2	Pedro Constenla Quinteiro Carla Rodríguez Rodríguez
GEI 4.1	A.3.4	Jacobo Jorge Hermida Julia María Medín Crespo
GEI 4.2	A.2.0	Santiago Fernández González Laura Placer Picado
GEI 4.3	A.2.2	Rodrigo Blanco Amoedo Miguel Pena Tojeiro

Turno 4 – De 15:00 a 16:00

Grupo	Aula	Mentores
GEI 4.4	A.3.0	María Elena Grela Gomes Pablo Hermida Mourelle Manuel Framil de Amorín
GEI 4.5	A.3.1	Antón Redondo Araújo Diego Castro Sánchez
GEI 4.6	A.3.2	Eliseo Bao Souto Diego Rivera Caballero
GEI 4.7	A.3.4	Daniel Boubeta Portela Iván González Fraga
GEI 6.1	A.2.0	Sebastian Micael Barbeito García Juan Ramil Díaz Roi Santos Ríos

2. Curso de técnicas de estudo e xestión do tempo

De 18:00 a 20:00 impartirase o curso de “Técnicas de estudo e xestión do tempo”, a través da plataforma Teams, unha ferramenta de videoconferencia de Microsoft empregada na Universidade da Coruña. Para poder acceder á sesión:

- Podedes utilizar Teams a través do navegador (<https://teams.microsoft.com>) ou instalando a aplicación no voso ordenador ou dispositivo móbil (<https://www.microsoft.com/es-es/microsoft-365/microsoft-teams/download-app>)
- Teams pediravos usuario e contrasinal para poder entrar. O voso usuario e contrasinal son os da vosa conta de correo oficial da UDC. Por exemplo, se o teu correo é manolo.fernandez@udc.es e o voso contrasinal é 19kd0mf5, esas serían as credenciais que teS que usar para entrar en Teams.
- Unha vez dentro de Teams, na sección “Equipos” veredes un grupo chamado “Xornada de benvida”, a través do cal se impartirá o curso.
- Por favor, tratade de acceder á plataforma antes da hora de comezo do curso, para evitar retrasos.